

ARTE RUPESTRE E TRADICIÓN ORAL NO VAL DO TEA: EXTERNALIZANDO A MEMORIA DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Rock art and oral tradition in the Tea valley: externalising the memory of archaeological heritage

IRIA LÓPEZ VIÉITEZ. Arqueóloga. E-mail: iria.lopez.vieitez@gmail.com

BEATRIZ COMENDADOR REY. Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio, Facultade de Historia, Campus de Ourense, Universidade de Vigo. E-mail: beacomendador@uvigo.gal

Resumo. A investigación arqueolóxica dos gravados rupestres en Galicia comeza a principios do pasado século XX, con achegas que primaban a cuantificación e a catalogación destas manifestacións. A materialidade dos elementos arqueolóxicos centraba os estudos, mais que acontece co patrimonio inmaterial fixado sobre estes bens culturais? Como se coñecen estas representacións rupestres na súa contorna?

A proposta que aquí se presenta tenta abordar unha aproximación etnoarqueolóxica –unha liña escasamente desenvolvida no ámbito galego– para os petróglifos do val do Tea (Pontevedra, Galicia). Con ela procúrase atender á tradición oral, principalmente ás narrativas e á toponimia asentadas sobre os lugares con arte rupestre, como medio de conformación da paisaxe simbólica e cultural, e tamén como medio de socialización do patrimonio arqueolóxico. Partindo dun baleirado documental e bibliográfico centrado na nosa área de actuación, expóñense os resultados dun estudo sobre uns monumentos estáticos no espazo, pero reinterpretados dinamicamente co paso de séculos e sociedades.

Este traballo ten como obxectivo fundamental contribuír ao estudo e á protección da arte rupestre, así como do patrimonio inmaterial vinculado, partindo da premisa de que a colaboración activa coas comunidades locais e a integración dun enfoque multivocal favorecen a promoción do seu patrimonio cultural en conxunto.

Palabras chave: etnoarqueoloxía, petróglifos, toponimia, socialización, multivocalidade.

Abstract. Archaeological research into open-air engravings in Galicia began at the beginning of the 20th century, with contributions that prioritised the quantification and cataloguing of these manifestations. The materiality of the archaeological elements was the focus of the studies, but what about the intangible heritage fixed on these cultural assets? How are these rock representations known in their environment?

The proposal presented here attempts to address an ethnoarchaeological approach –a line that is scarcely developed in Galicia– for the petroglyphs of the Tea valley (Pontevedra, Galicia). The aim is to focus on the oral tradition, mainly the narratives and toponymy that have settled on these places with rock art, as a means of shaping the symbolic and cultural landscape, and also as a means of socialisation of archaeological heritage. Based on a documentary and bibliographic emptying focused on our area of action, the results of a study of monuments that are static in space, but dynamically reinterpreted over the course of centuries and societies, are presented.

The main objective of this work is to contribute to the study and protection of rock art, as well as related intangible heritage, with the premise that active collaboration with local communities and the integration of a multivocal approach allows the promotion of their cultural heritage as a whole.

Key words: ethnoarchaeology, petroglyphs, toponymy, socialisation, multivocality.

1. Introducción: o val do Tea


Aínda que nos últimos anos aumentou o interese por enfoques de investigación que valoran a paisaxe simbólica dos sitios arqueolóxicos, neste liña a arte rupestre non recibiu a mesma consideración que outros elementos, como mámoas e castros¹.

¹ Alonso Romero, F. (1998); Martín Torres, M. (2001a, 2001b); Arizaga Castro, A. e Ayán Vila, X. M. (2007).

Para dar mostra desta realidade, temos revisado recentemente a relación entre a arqueoloxía e a antropoloxía na investigación da arte rupestre². Seguindo a nosa liña de estudo, neste traballo presentamos o caso concreto da rexión do val do río Tea. A alta densidade de insculturas ao aire libre presente nesta zona convértea nunha área de traballo de interese, tanto pola concentración de rochas documentadas, como pola escasa atención depositada sobre elas, como exporemos ao longo do texto.

Estes territorios forman parte da comarca do Condado, unha unidade administrativa que se localiza no sur da provincia de Pontevedra, limitando ao sur con Portugal, ao norte e oeste coa comarca de Vigo, e ao leste coa Paradanta. Inclúense os concellos de As Neves, Salvaterra de Miño, Mondariz-Balneario, Mondariz e Pontearreas. Estes dous últimos municipios son os que se toman como marco de estudo fundamental (Figura 1), debido a que o Tea vertebra estes concellos cunha serie de pequenos vales agrícolas que condicionan o seu poboamento.

Dende o punto de vista xeográfico, os territorios do Tea sitúanse na unidade de relevo prelitoral que comprende o espazo entre a costa galega e as serras centro-occidentais. A súa situación entre tres cadeas montañosas fai deste espazo un conxunto de pequenos e medios vales que se inscriben entre a ladeira meridional da Serra do Suído, a ladeira oriental da Serra do Galleiro e a ladeira occidental da Serra de Faro de Avión. Así, o val do Tea configúrase como unha cubeta de deposición rodeada de macizos graníticos que a separan doutros vales próximos e pola que corre unha ampla rede fluvial que sostén o río no seu percorrido dende a Serra do Suído³. A densidade do poboamento no territorio de Pontearreas e Mondariz está documentada



dende tempos prehistóricos, e evidenciada polos achados arqueolóxicos⁴. Estes inclúen útiles líticos paleolíticos e abundantes mámoas, como en Guillade (Pontearreas) ou *A Armada* en

² López Viéitez, I. e Comendador Rey, B. (no prelo).

³ Reboreda Carreira, A. (2019a): 249; Fernández Pintos, J. (2015): 13-14.

⁴ Gonzalo Pérez, C. (1983); Hidalgo Cuñarro, J. M. (1985); Hidalgo Cuñarro, J. M. e Rodríguez Puentes, E. (1987); Villar Quinteiro, R. (2012); Arias Novas, A. (2021).

Queimadelos (Mondariz)⁵. No Calcolítico e a Idade do Bronce, aumenta a dispersión dos asentamentos, como reflicte a necrópole de *Monte Aberto* (Ponteareas)⁶. O grande cambio prodúcese na Idade do Ferro, coa proliferación de castros, contabilizándose 48 entre ambos concellos. Destacan o *Castro de Troña*, *A Cividade* de Fozara e *Coto da Moura*, demostrando un forte carácter comarcal na época castrexa⁷.

2. O conxunto da arte rupestre gravada do val do Tea

Centrándonos nos elementos de estudo do presente traballo, en canto á alta concentración de rochas gravadas destacan os montes de Gargamala (Mondariz), seguidos doutros lugares da contorna, como o conxunto de *O Charco*, *A Carreira*, os gravados dos montes de Cumiar ou *Chans do Campo do Mouro*⁸. Quizais a manifestación máis coñecida sexa o petróglifo da citania de Troña, cunha representación serpentiforme no interior do poboado, aínda que nos últimos anos redescubríronse máis serpentiformes (Figura 2) nas proximidades do xacemento⁹.

Pese a que o conxunto de arte rupestre ao aire libre foi circunscrito nun primeiro momento á Idade do Bronce, estes soportes albergan igualmente motivos históricos como consecuencia do re-aproveitamento e o uso diacrónico das rochas a través dos séculos. Na análise da distribución deste conxunto obsérvase para o Condado unha tendencia a localizar os gravados en altitudes medio-baixas –entre os 0 e 500 metros–, máis cunha concentración salientable de insculturas que se sitúan entre os 350 e 500 metros¹⁰. A disposición da arte gravada tamén acostuma a ser en espazos chans e con certa facilidade de acceso entre as zonas de val e as de maior altitude, de aí



Figura 2. Gravados serpentiformes descubertos no Castro de Troña. De esquerda a dereita: 1.- unha veciña sobre o achado en 1927; 2.- estado actual do gravado; 3.- representación redescuberta no 2018. Fonte: Reboreda Carreira, 2019b (1, 3) e autoría propia (2).

que se considerasen como marcadores de paso entre estas áreas¹¹. Estes datos, aplicados á análise espacial, favoreceron as hipóteses sobre as relacións dos petróglifos co control do territorio, cos recursos naturais –zonas de pasto ou de certa humidade– ou coas vías de tránsito con grande importancia para as sociedades prehistóricas¹². Todo isto evidencia unha estratexia das

⁵ Arias Novas, A. (2021); Información Xeográfica de Galicia, 2023.

⁶ Villar Quinteiro, R. (2012).

⁷ González Ruibal, A. (2008); Torna, C. (2022).

⁸ Martínez Tamuxe, X. (1992); Martínez Tamuxe, X. e Martínez Barbosa, J. R. (2015); Arias Novas, A. (2021); Información Xeográfica de Galicia, 2023.

⁹ Reboreda Carreira, A. (2019b).

¹⁰ Rodríguez Rellán, C. et al. (2018): 122.

¹¹ Pereira Martínez, X. e Fábregas Valcarce, R. (2019): 16; Rodríguez Rellán, C. et al. (2018): 122-123.

¹² Pereira Martínez, X. e Fábregas Valcarce, R. (2019): 16-17.

sociedades prehistóricas para a apropiación do territorio mediante a realización destas manifestacións rupestres¹³.

As primeiras referencias aos gravados rupestres de Mondariz e Pontearreas aparecen en *La Temporada de Mondariz*, un boletín semanal que foi clave na divulgación das descubertas arqueolóxicas da zona (Figura 3). Entre estes descubrimentos destaca o gravado de *Chan da Gándara*, presentado en 1908 por Manuel Murguía e exposto hoxe no Museo Municipal de Pontearreas. Este achado tamén foi recollido por Ramón Sobrino Buhigas en 1935 no *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Xunto a este, as serpes da citania de Troña tamén son das primeiras manifestacións documentadas nos vales do Tea.

Outros medios locais, como *Lonxe da Terriña* (1960-1994) e a revista *Soberosum*, do Museo Municipal de Pontearreas, tamén xogaron un papel fundamental na difusión do patrimonio arqueolóxico da comarca. A estes súmanse publicacións actuais como *Pregón* (desde 1949), que difunde as festas do Corpus Christi en Pontearreas, e *Mondaricus* (desde 2020), dedicada ás festas da Peña de Francia e San Roque en Mondariz.

Nas últimas décadas do século XX e comezos do XXI comeza unha investigación máis sistemática dos petróglifos da zona. A catalogación das estacións rupestres foi realizada por diferentes expertos en arte rupestre galega. Para os gravados de Gargamala (Mondariz), os primeiros en estudalos foron José Manuel Hidalgo Cuñarro e Fernando Javier Costas Goberna en 1980, seguidos por outros investigadores como Pablo Novoa Álvarez ou Maarten Van Hoek nos anos 90. Estes traballos contaron coa colaboración activa da comunidade local, especialmente con Marisol Faro Cabirta, descubridora da maioría dos motivos catalogados ata 2018¹⁴. Este conxunto rupestre foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) no 2013, e o Instituto de Estudos Miñoráns (en diante, IEM) realizou o estudo máis recente para este conxunto despois dos incendios forestais de 2018 (Figura 4), contabilizando un total de 160 gravados¹⁵.




Figura 3. Portada de La Temporada en Mondariz coa publicación do Petróglifo de Chan da Gándara. Fonte: La Temporada en Mondariz, 1908, n. 12, 16 de agosto.

¹³ Bradley, R. et al. (1994).

¹⁴ Vilar Pedreira, X. L., Manso de la Torre, X. et al. (2020): 33.

¹⁵ Vilar Pedreira, X. L., Manso de la Torre, X. et al. (2020): 37.



Figura 4. Traballos de limpeza do IEM en 2018 logo dos incendios. Fonte: Vilar Pedreira, X. L., Manso de la Torre, X. et al., 2020.

Unha situación similar ocorre cos petróglifos de *Pé de Mula* (Sabaxáns, Mondariz), que foron obxecto de diferentes estudos. Entre os investigadores que traballaron neste conxunto destacan Manuel Alfonsín Soliño e Vicente Caramés Moreira (1992), Elisa Pereira García e Fernando Javier Costas Goberna (1998), Xurxo Constela e Juanjo Perles (2006), así como proxectos máis recentes liderados por Alberte Reboreda e Fernando Carrera Ramírez (2016), centrados na catalogación e conservación dos gravados afectados por construcións gandeiras. Aínda que estes xacementos son os máis coñecidos, o Concello de Mondariz inclúe tamén outros gravados importantes, como *A Pedra das Nocellas* en Queimadelos e *Chans do Campo do Mouro* en Mouriscados¹⁶.

En Pontearreas, os petróglifos recibiron menos atención, con estudos vinculados ás escavacións no Castro de Troña e a traballos específicos, como Xoán Martínez Tamuxe (1992) sobre os gravados nos montes de Cumiar e de Julio Fernández Pintos (2015) sobre o petróglifo de *A Carreira* en Pías. Actualmente, a elaboración das cartas arqueolóxicas do PXOM permitiu o inventariado de novas manifestacións rupestres, como o conxunto de *O Charvo* en Padróns e a redescuberta dos petróglifos de Cumiar¹⁷.

3. O (des)coñecemento dos bens arqueolóxicos

A situación actual da arte rupestre nas terras do Tea, especificamente en Mondariz e Pontearreas, reflicte unha realidade marcada pola falta de protección, coñecemento e patrimonialización dos seus bens arqueolóxicos. Tal como indicaba Antonio de la Peña Santos no ano 2000, aínda que a arte rupestre galega nunca fora tan estudada, tamén nunca estivo tan ameazada, e a pasividade institucional en canto á súa documentación, protección e difusión é evidente¹⁸. Este panorama xeneralizado no ámbito galego tamén se reflicte no Condado, onde, salvo excepcións como os petróglifos de Gargamala e *Pé de Mula* en Mondariz, a maioría dos

¹⁶ Martínez Tamuxe, X. e Martínez Barbosa, J. R. (2015): 319-320.

¹⁷ Arias Novas, A. (2021).

¹⁸ En *Prólogo* de Fábregas Valcarce, R. (2010): 11

conxuntos rupestres carecen dunha posta en valor adecuada. Aínda que a comunidade local ten un certo coñecemento sobre a existencia destes bens, a información é limitada e insuficiente para garantir a súa protección e xestión¹⁹.

O coñecemento das comunidades locais sobre os petróglifos é frecuentemente froito de noticias sobre redescubertas, incendios, ou intervencións arqueolóxicas pasadas. Porén, este recoñecemento non é suficiente para asegurar a súa conservación e xestión efectiva. Para garantir a supervivencia do patrimonio arqueolóxico, a difusión e socialización son fundamentais, pois a concienciación social desempeña un papel crucial na protección do patrimonio²⁰. A investigación de Estrella Cecilia García García (2019) identifica varias causas comúns de deterioro da arte rupestre, incluíndo o descoñecemento, a negligencia institucional, e os factores antrópicos e naturais. Ademais, Fernando Carrera Ramírez, especialista en xestión patrimonial, destaca a importancia de avaliar os factores de risco e realizar informes de vulnerabilidade para establecer unha diagnose patrimonial axeitada²¹.

Unha das principais causas evitables de deterioro da arte rupestre é a falta de intervención institucional, xa que os danos causados polos axentes antrópicos e o descoñecemento social poden ser mitigados mediante unha xestión patrimonial eficiente. A comparación entre as políticas de xestión de Mondariz e Pontearreas revela diferenzas significativas na protección e difusión do patrimonio rupestre. En Pontearreas, a xestión dos petróglifos é practicamente inexistente, con excepcións como a *Serpe de Troña* e o *Petróglifo de Chan da Gándara*, exposto no Museo Municipal. A maioría dos conxuntos carecen de sinalización, acceso ou mantemento adecuado, e un exemplo claro disto é a estación de *A Carreira* (Pías), que, tras ser estudada en 2015 despois dun incendio²², quedou completamente abandonada e cuberta pola vexetación, dificultando a súa localización. Mesmo atopar indicios das rochas gravadas volvese impracticable pola densa capa vexetal que cobre os afloramentos graníticos (Figura 5). Este caso repítese para os petróglifos de Padróns e *O Charvo*.



¹⁹ Pérez Maestro, C. (2018): 271.

²⁰ García García, E. C. (2019): 31.

²¹ Carrera Ramírez, F. (2018, 2022).

²² Fernández Pintos, J. (2015).

Por outra parte, en Mondariz a situación é algo máis favorable. Os petróglifos están mellor sinalizados e contan con paneis informativos, así como medidas de control dos factores naturais, coa limpeza dos camiños e a contorna dos afloramentos. Amais, o concello promove saídas guiadas nocturnas nos meses de verán, cunha alta participación da comunidade. O conxunto de petróglifos de Gargamala, BIC dende 2013, foi obxecto de prospección e restauración por parte do IEM despois dos incendios de 2018. Grazas a estas intervencións, descubríronse novos gravados, e instaláronse carteleiras explicativas, ademais de crear rutas de sendeirismo que combinan elementos arqueolóxicos, etnográficos e naturais.

Aínda que hai exemplos importantes de bens patrimoniais en Mondariz e Pontearreas, o descoñecemento por parte da poboación local sobre moitos destes lugares segue sendo significativo. Neste sentido, as políticas culturais de Mondariz parecen máis efectivas na socialización do seu patrimonio.

A transmisión cultural e a memoria colectiva tamén xogan un papel fundamental na preservación destes lugares²³. Pois, nalgúns casos, aínda que non se teña un coñecemento arqueolóxico profundo dos bens, a toponimia ou as lendas asociadas aos sitios arqueolóxicos

Figura 5. Á esquerda, vista de A Carreira logo dos incendios (Fonte: Fernández Pintos, 2015) e á dereita, vista actual nas coordenadas da estación de arte rupestre (Fonte: autoría propia).

manteñen viva a súa lembranza. Un exemplo diso son os topónimos "Penas Mouras" ou "Cividades", que están documentados tanto na bibliografía arqueolóxica como nas pescudas toponímicas. Estas denominacións actúan como testemuñas mnemotécnicas que conectan a comunidade co seu patrimonio cultural, malia a perda das narrativas orixinais²⁴. Dito doutro xeito, trátase da "externalización da memoria", coa que se mantén a transmisión cultural entre a comunidade á vez que se reafirma o sentimento de identidade²⁵.

4. O patrimonio inmaterial das terras do Tea

A riqueza arqueolóxica das terras do Tea vai acompañada dun extenso patrimonio inmaterial, representado por lendas, falas, prácticas culturais e cantares²⁶. Esta "capa cultural" adoita fixarse en elementos físicos do territorio, como xacementos arqueolóxicos, penedos, muíños ou pontes. O coñecemento desta tradición oral, frecuentemente limitado a publicacións locais²⁷, foi preservado grazas a recompilacións etnográficas realizadas por autores como Xoan Leandro Carré Alvarellos (1968), Emilia Estévez Villaverde (1981), Xosé Pérez Labaca (2006, 2011, 2014) e Manrique Fernández (2002), entre outros. Non obstante, este patrimonio inmaterial adoita tratarse como un simple anexo en moitas investigacións arqueolóxicas, sen recibir a atención e estudo detallado que merece²⁸.

A interconexión entre o patrimonio arqueolóxico e o etnográfico é evidente en moitos casos, especialmente cando algunha lenda ou memoria local queda fixada na materialidade de monumentos arqueolóxicos²⁹, como castros ou megálitos. Basta cunha ollada ás recollidas nos vales do Tea para ter unha perspectiva deste inventario³⁰. Un exemplo atopámolo no castro de *A Cidade de Caneiro*, en Fozara (Pontearreas). A mediados dos anos 80, circulaban lendas sobre toneis de ouro e veneno enterrados na croa do castro, cuxa descuberta podería traer a alegría ou

²³ Jones, S. e Russell, L. (2012).

²⁴ Vieira, A. (2016): 88; Vieira, A. (2017): 245.

²⁵ Vieira, A. (2017): 237; Ladra, L. (2023): 61; Recalde, A. e Colqui, E. (2022): 175.

²⁶ Pérez Labaca, X. X. (2006, 2011); Feixoo, X. e Ignacio, G. (2017).

²⁷ Arizaga Castro, A. e Ayán Vila, X. M. (2007): 462.

²⁸ González Álvarez, D. (2008): 239.

²⁹ Arizaga Castro, A. e Ayán Vila, X. M. (2007); Martín Torres, M. (2001a, 2001b).

³⁰ Hidalgo Cuñarro, J. M. e Arias Eres, C. (1997); Aparicio Casado, B. (1997).

a desgraza ás parroquias veciñas. Tamén se falaba dun túnel que conectaba o río Tea co castro, ou que a antiga igrexa estivo emprazada no alto do monte³¹.

Aínda que a poboación local pode non ter coñecementos exactos sobre a estrutura arqueolóxica do castro, o uso persistente da toponimia “A Cividade” indica a existencia dunha memoria colectiva que protexe a simboloxía deste lugar. Este tipo de narrativas orais serve para manter viva a conexión entre o pasado e o presente, vinculando o patrimonio material e inmaterial das terras do Tea.

5. A toponimia da arte rupestre

A toponimia vinculada á arte rupestre no val do Tea reflicte a relación entre os gravados, a tradición oral e a memoria social das comunidades locais. O estudo desta dimensión cultural é relevante, pois as designacións dos sitios con gravados ofrecen pegadas sobre a forma en que estas sociedades se apropian e organizan o seu espazo a través da linguaxe.

A inclusión da tradición oral no relato arqueolóxico tivo maior repercusión nas investigacións sobre megálitos e castros debido á maior cantidade de narrativas sobre estes bens³². A grande visibilidade e monumentalidade destes xacementos derivou na necesidade entre as comunidades de elaborar historias que permitisen estruturar e introducir estas manifestacións na súa lóxica de pensamento e entendemento da realidade³³. Estes elementos xurdiron como parte da conciencia histórica das comunidades ou como símbolos de alteridade, o que levou á creación de lendas para explicar a súa presenza³⁴. Non obstante, os gravados rupestres contan cun corpus folclórico moito máis reducido. Segundo Buenaventura Aparicio Casado (1997), quen realizou un amplo estudo sobre a tradición oral vinculada a megálitos, gravados e castros en Galicia, os petróglifos son os que presentan menos relatos populares. No val do Tea, por exemplo, só existe unha lenda recollida que se asocia ao petróglifo serpentiforme de Troña, e que describe a unha serpe que amedrentaba á comunidade ata ser vencida polos veciños³⁵.

A escaseza de lendas sobre os gravados levou á reflexión sobre a importancia da toponimia e a memoria colectiva asociada a estes lugares. A transmisión xeracional dos nomes dos lugares con gravados pode entenderse como unha forma de apropiación e ordenamento do espazo. Así, a toponimia funciona como un dispositivo mnemotécnico que axuda a fixar o recordo e a simboloxía destes lugares na paisaxe cultural das comunidades. Neste contexto, os topónimos actúan como marcadores culturais e sociais, ofrecendo unha vía de acceso ás narrativas e memorias asociadas aos lugares con arte rupestre. A súa permanencia no tempo, a pesar de perder en ocasións a súa etioloxía orixinal, fai da toponimia un elemento esencial para comprender a historia e a cultura das sociedades que habitan estas rexións³⁶.

Este traballo propón avaliar a toponimia vinculada ás manifestacións rupestres como un reflexo das experiencias, usos e memorias que as comunidades rurais fixan nos lugares con gravados. Os topónimos ofrécense como unha primeira vía de acceso aos relatos e significados destes sitios, sexan referencias míticas, memorias sociais ou alusións ao uso das terras³⁷. A toponimia, como marcador permanente na paisaxe cultural, pode funcionar como un "fósil lingüístico", mantendo a súa función referencial incluso cando a súa orixe se perde³⁸. Isto converte os recursos toponímicos en valiosas ferramentas tanto para a preservación como para a socialización do patrimonio. Amais, ter en conta que algunhas destas denominacións poden ser froito da actividade arqueolóxica, que posteriormente son adoptadas pola comunidade local³⁹.

³¹ Hidalgo Cuñarro, J. M. e Arias Eres, C. (1997): 45-46.

³² Aparicio Casado, B. (1996): 257.

³³ González Álvarez, D. (2011): 147; Oliveira, C. (2008): 105; Alves, L. B. (2001): 72-73; Moreira, J. e Bettencourt, A. M. S. (2023): 70.

³⁴ Llinares García, M. (1990): 131-132 ; González Álvarez, D. (2008): 242; Oliveira, C. (2008): 106.

³⁵ Hidalgo Cuñarro, J. M. e Arias Eres, C. (1992): 19

³⁶ Vieira, A. (2016): 87.

³⁷ Comendador Rey, B. (2023): 161-162.

³⁸ Moreira, J. e Bettencourt, A. M. S. (2023): 70.

³⁹ Vieira, A. (2016): 92-93.

A revisión da toponimia nas estacións rupestres dos concellos analizados proporciona unha visión clara sobre a maneira na que as comunidades nomean as rochas con arte gravada. A partir dos datos do Plan Básico Autonómico (PBA), realizouse unha análise dos termos utilizados para designar os espazos e soportes da arte rupestre, clasificando os topónimos en función da información etnográfica que ofrecen sobre a topoloxía cultural (Táboa 1).

Os topónimos foron agrupados en diferentes categorías: aqueles que fan referencia á interpretación dos motivos gravados, ás mencións a personaxes do imaxinario popular (incluíndo elementos relixiosos), e os que reflicten os usos e memorias ligados aos espazos. Ademais, dedicouse unha categoría específica para os accidentes xeográficos que aparecen nos nomes destes lugares.

Táboa 1. Toponimia dos gravados rupestres catalogados en Mondariz e Pontearcas a partir dos datos do Catálogo de Patrimonio Cultural do PBA.

NOME TOPONÍMICO	CONCELLO	PARROQUIA	LUGAR	REF. TOPONÍMICA
Petróglifo de Gargamala 19	Mondariz	Gargamala	Boente	
Petróglifo das Chans do Campo do Mouro	Mondariz	Mouriscados	Campo do Mouro, O	Imaxinario popular / Accidente xeo.
Petróglifo de Val de Corza	Mondariz	Mouriscados	Poñe	Accidente xeográfico
Petróglifo Torreiros	Mondariz	Gargamala	Mourelle	
Petróglifo Chan das Veigas	Mondariz	Gargamala	Vedrelos	Accidente xeo. / Usos e memorias
Petróglifo Cavada dos Rochos 1	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias / Accidente xeo.
Petróglifo Centeira	Mondariz	Sabaxáns	Igrexa, A	Usos e memorias
Petróglifo A Pedra das Nocellas	Mondariz	Queimadelos	A Armada	Usos e memorias / Accidente xeo.
Petróglifo Cavada dos Rochos 2	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias / Accidente xeo.
Petróglifo O Monte Mourelle	Mondariz	Gargamala	Rúa, A	Imaxinario popular
Petróglifo Campado 5	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Os Rochos 1	Mondariz	Gargamala	Boente	Accidente xeográfico
Petróglifo Os Rochos 2	Mondariz	Gargamala	Boente	Accidente xeográfico

Petróglifo Coto dos Cabreiros 1	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias / Accidente xeo.
Petróglifo Coto de Monzón	Mondariz	Gargamala	Rúa, A	Accidente xeográfico
Petróglifo O Barral	Mondariz	Gargamala	Barro, O	
Petróglifo Pé de Mula ou de Sabaxáns	Mondariz	Sabaxáns	Igrexa, A	Interpretación motivos
Petróglifo Os Pasais	Mondariz	Mouriscados	Crespos	Usos e memorias
Petróglifo O Cruceiro en Monte Mourelle	Mondariz	Gargamala	Rúa, A	Imaxinario popular
Petróglifo Laxe do Esperón	Mondariz	Gargamala	Boente	Accidente xeográfico
Petróglifo Campado 1	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Campado 2	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Campado 3	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Campado 4	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Campo Redondo	Mondariz	Gargamala	Boente	Interpretación motivos
Petróglifo Os Rochos 3	Mondariz	Gargamala	Boente	Accidente xeográfico
Petróglifo Fochanca 1	Mondariz	Gargamala	Boente	Interpretación motivos
Petróglifo Fochanca 2	Mondariz	Gargamala	Boente	Interpretación motivos
Petróglifo Os Rochos 4	Mondariz	Gargamala	Barro, O	Accidente xeográfico
Petróglifo Os Rochos 5	Mondariz	Gargamala	Barro, O	Accidente xeográfico
Petróglifo Os Rochos 6	Mondariz	Gargamala	Barro, O	Accidente xeográfico
Petróglifo A Rega de Escornabois	Mondariz	Gargamala	Boente	Interpret. motivos / Usos e memorias

Petróglifo Laxas Espurreiras	Mondariz	Gargamala	Boente	Accidente xeográfico
Petróglifo As Cavadas	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo O Esperón	Mondariz	Gargamala	Boente	Accidente xeográfico
Petróglifo Coto dos Cabreiros 2	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias / Accidente xeo.
Petróglifo Campado 6	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Campado 7	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Campado 8	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Campado 9	Mondariz	Gargamala	Boente	Usos e memorias
Petróglifo Carqueixede	Mondariz	Mouriscados	Campo do Mouro, O *	Imaxinario popular *
Petróglifo Cavada do Cura	Mondariz	Mouriscados	Zamorelle	Usos e memorias
Petróglifo Picoto	Mondariz	Meirol	Picoto	Accidente xeográfico
Petróglifo do Charco 1	Ponteareas	Padróns	Antela	Interpretación motivos
Petróglifo do Coto do Santo	Ponteareas	Guillade	Santa Locaia	Imaxinario popul. / Accidente xeo.
Petróglifo da Fonteiña	Ponteareas	Guláns	Cima, A	Usos e memorias
Petróglifo de Monte Aberto	Ponteareas	Ribadetea	Pedra da Bouza, A	Accidente xeográfico
Petróglifo do Penedo da Sartén	Ponteareas	Cristiñade	Raíces, As	Interpret. motivos / Accidente xeo.
Petróglifo do Charco 2	Ponteareas	Padróns	Antela	Interpretación motivos
Petróglifo do Charco 3	Ponteareas	Padróns	Antela	Interpretación motivos
Petróglifo de Pedra do Cabalo	Ponteareas	Celeiros	Carreira, A	Interpret. motivos / Accidente xeo.
Petróglifo da Canteira	Ponteareas	Cumiar	Santa Locaia	Usos e memorias

Petróglifo do Pedroso 1	Ponteareas	Cumiar	Santa Locaia	Accidente xeográfico
Petróglifo do Pedroso 2	Ponteareas	Cumiar	Santa Locaia	Accidente xeográfico
Petróglifo do Pedroso 3	Ponteareas	Cumiar	Santa Locaia	Accidente xeográfico
Petróglifo de Rega das Eiras 2	Ponteareas	Cumiar	Santa Locaia	Usos e memorias
Petróglifo de Padróns	Ponteareas	Padróns	Pedra da Bouza, A	
Petróglifo de Cavada Vella/A Carreira	Ponteareas	Pías	Pontacóns, A	Usos e memorias
Petróglifo de Rega das Eiras 1	Ponteareas	Cumiar	Santa Locaia	Usos e memorias
Petróglifo de Coto da Pedreira	Ponteareas	Guillade	Rañó, A	Usos e memorias / Accidente xeo.
Petróglifo de Oións	Ponteareas	Guillade	Lomba, A	
Petróglifo do Coto do Cabalo	Ponteareas	Oliveira	Requeixo, O	Interpret. motivos / Accidente xeo.
Petróglifo Castro da Troña	Ponteareas	Pías	Souto do Pazo, O	Lenda documentada

5.1. Referencias a motivos representados

A toponimia das estacións rupestres revela importantes referencias aos motivos representados nas rochas graníticas. Exemplos como a *Pedra do Cabalo*, o *Penedo da Sartén* e a *Serpe de Troña* destacan nesta análise. Na *Pedra do Cabalo*, o topónimo suxire a aparición de motivos zoolóxicos, como ferraduras, e na investigación realizada, identificouse un cuadrúpede non claramente definido⁴⁰, pero a comunidade local si asimila a figura como a inscultura dun cabalo. Aínda queda por determinar se esta interpretación é propia da veciñanza ou se é resultado de actuacións arqueolóxicas⁴¹.

Semellante é o caso do *Penedo da Sartén*, onde a figura cruciforme cun extremo triangular foi interpretada como a forma dunha tixola, suxerindo un vínculo entre a forma da rocha e as crenzas locais. Esta estación tamén alberga cruces, un motivo común na arte rupestre, e a súa situación entre as freguesías de Cristiñade e Guláns⁴² pode indicar a súa función como fito territorial, como suxiren certas interpretacións arqueolóxicas⁴³.

O serpentiforme do Castro de Troña é outro exemplo relevante. Mentres a administración o denomina "Petróglifo Castro da Troña", o nome popular de *Serpe de Troña*⁴⁴ indica a aceptación

⁴⁰ Rodríguez Saiz, E. (2009): 71 e 76.

⁴¹ Vieira, A. (2016): 93; Oliveira, C. (2008): 105.

⁴² Arias Novas, A. (2021).

⁴³ Alves, L. B. (2001): 71 e 74.

⁴⁴ Reboreda Carreira, A. (2019b).

do motivo insculpido no imaxinario colectivo, integrando este gravado na memoria da comunidade local.

5.2. Referencias a figuras do imaxinario

No relativo ás referencias sobre personaxes do imaxinario popular, destacan o conxunto de *Chan do Campo do Mouro*, con alusión a estes seres míticos da cultura popular galega, moi ligados tamén aos relatos sobre megálitos e castros. Nesta liña tamén se pode mencionar a presenza destas figuras míticas no nome da parroquia na que se emprazan as insculturas –Mouriscados– onde ten lugar a tradicional batalla entre un mouro e un cristián que se celebra anualmente. A referencia reiterada á mourindade, e a proximidade que garda cun conxunto de mámoas do mesmo nome⁴⁵, pode servir como indicativo da existencia de lendas vinculadas a estes bens arqueolóxicos, cuestión que só se poderá verificar coa entrada en campo e o estudo dos relatos locais. Contrariamente a estes personaxes de orixe “pagá”, tamén se rexistran alusións relixiosas na toponimia dos gravados. Como mostra da grande importancia e repercusión da Igrexa no mundo rural⁴⁶, no ámbito da arte rupestre tamén se encontran referencias ao cristianismo, como o *Petróglifo do Coto do Santo* ou o gravado de *Cavada do Cura*, tamén en Mouriscados, aínda que este último cunha connotación que remite maiormente aos usos ou á memoria social deste lugar.

5.3. Referencias a usos e memorias na paisaxe

As formas toponímicas máis representativas entre os petróglifos son aquelas que se refiren aos usos e memorias dos espazos, constituíndo un 38% do total analizado. Un exemplo notable é o *Petróglifo da Canteira*, que indica a súa historia como un lugar de explotación de pedra⁴⁷, revelando información valiosa sobre as afeccións sufridas e o estado de conservación actual da rocha. Tamén se suxire que o gravado de Coto da Pedreira está vinculado á extracción de pedra.

No que respecta a actividades agrícolas e gandeiras, destacan varios topónimos, como o *Petróglifo Centeira*, os gravados do conxunto de *Rega das Eiras* e os petróglifos do *Coto dos Cabreirós* e da *Rega de Escornaboís*, este último incluído na área arqueolóxica de Gargamala. Estas denominacións non só dan conta dos usos históricos dos espazos, senón que tamén reflicten a relación da comunidade co seu patrimonio cultural.

5.4. Referencias a accidentes xeográficos

Outro importante grupo toponímico está formado por aqueles nomes que aluden á morfoloxía do terreo ou a accidentes xeográficos. Exemplos desta categoría inclúen o conxunto do *Pedroso*, o gravado do *Val do Corza* e referencias a terreos chans ou cotos. Estas designacións xeomorfolóxicas a miúdo se acompañan doutras referencias, como as figurativas, co *Petróglifo do Coto do Cabalo*; as do imaxinario popular, como os gravados das *Chans do Campo do Mouro*; ou as que refiren a usos e memorias, como no caso do *Petróglifo de Chan das Veigas*.

Aínda que estes datos toponímicos son considerados “oficiais” porque están documentados en visores e na documentación administrativa, é relevante ter en conta a posibilidade de que exista unha microtoponimia oral que só se poida descubrir a través da colaboración coa comunidade mediante traballo de campo. Con todo, quérese redundar na importancia da toponimia como recurso de introdución e estudo da relación das comunidades co seu patrimonio, permitindo como se presenta neste caso, inferir datos sobre as súas memorias, usos e posibles alteracións.

⁴⁵ Arias Novas, A. (2021).

⁴⁶ Alves, L. B. (2001): 71; Oliveira, C. (2008): 104.

⁴⁷ Martínez Tamuxe, X. (1992); Aparicio Casado, B. e Peña Santos, A. de la (2017).

6. A arte rupestre a través da lente etnoarqueolóxica: colaboración e patrimonio cultural nas comunidades rurais

Este traballo explora a relevancia do coñecemento acumulado nas comunidades rurais, que a través das súas memorias, percepcións e experiencias, ofrece un enfoque único para entender a arte rupestre. A perspectiva etnoarqueolóxica vai máis alá da simple transmisión de relatos mitolóxicos, que a miúdo son rexeitados por enfoques positivistas. Este conxunto acumulativo e diacrónico de narrativas permite achegarse aos elementos arqueolóxicos dende unha óptica máis reflexiva que excede a “vida útil” ou o significado orixinal para o que foron creados nun primeiro momento⁴⁸, considerando que os petróglifos non son “mortos” na paisaxe histórica, senón bens que foron reinterpretados por distintas sociedades ao longo do tempo, e que deben ser estudados desde múltiples perspectivas para comprender plenamente a súa relevancia histórica e cultural. A arte rupestre debe ser estudada desde múltiples ópticas, pois a subxectividade actual, a pesar de ser menos relevante que as cargas simbólicas orixinais dos seus artífices, proporciona información sobre a súa importancia cultural e histórica. A materialidade dos petróglifos non só serve como vestixio arqueolóxico, senón que desempeña un papel clave na ordenación do territorio e na transmisión da memoria colectiva⁴⁹. Defendemos que a aproximación etnoarqueolóxica é fundamental para explorar estes aspectos, xa que permite ampliar o campo de reflexión arqueolóxica e incluír novas interpretacións que integren os relatos populares e a percepción campesiña da realidade.

A colaboración activa coas comunidades locais enriquece o coñecemento cultural dos lugares con gravados rupestres, contribuíndo á reafirmación da identidade comunitaria e á creación de redes sociais que participen na protección do patrimonio. Ademais, promove procesos de socialización que potencien a interacción comunitaria, así como a recuperación dunha vulnerable estratigrafía cultural ligada aos espazos con arte rupestre ante a desaparición deste patrimonio inmaterial herdado. A aplicación da etnoarqueoloxía non só amplía o discurso arqueolóxico, senón que enriquece a comprensión da materialidade arqueolóxica, que ten un papel fundamental na memoria colectiva.

Afirmase así que as aproximacións etnoarqueolóxicas son un motor de reflexión na arqueoloxía académica, e unha vía para a socialización na arqueoloxía pública.

A efectiva patrimonialización vai máis alá da mera conservación física dos bens. Un exemplo é a área arqueolóxica de Gargamala, onde a falta de control e socialización por parte das administracións pode levar a danos irreparables. De nada serve a posta en valor nin as visitas nocturnas se logo nas tarefas agro-forestais –que poden danar gravemente estes bens– prima a ignorancia e, con ela, a falta de control e socialización polas administracións competentes. A escaseza de políticas culturais e accións institucionais afecta o coñecemento do patrimonio entre o público, e a financiación limitada impide que se realicen accións de posta en valor. Proxectos como as I Xornadas de Patrimonio do Condado, celebradas en 2020 no Museo Municipal de Pontearreas⁵⁰, demostraron a viabilidade de iniciativas de difusión que conecten a comunidade co seu patrimonio.

Con todo, sexa pola falta de investimento ou políticas de xestión cultural, logo da pandemia da COVID-19 non se volveron celebrar. Algunhas alternativas que se propoñen, é que pasan pola socialización coa comunidade, máis que pola divulgación de corte científico, serían a realización de talleres etnográficos e charlas divulgativas nos distintos centros socioculturais. A concienciación da veciñanza local como axente socializador do seu propio patrimonio, informantes da memoria oral ligada aos lugares do territorio –bens arqueolóxicos ou non– e primeiro activo na defensa dos seus bens culturais proxectaríase coa constitución dun vínculo de identidade (Figura 6). A promoción de procesos participativos non debe ser vista como un

⁴⁸ Álvarez Vidaurre, E. (2011); Alves, L. B. (2001); Arizaga Castro, A. e Ayán Vila, X. M. (2007).

⁴⁹ Hernando Gonzalo, A. (2006): 224; Vieira, A. (2017): 246.

⁵⁰ Nota de prensa, Comarcas na Rede (2020, 2 marzo).

traspaso de responsabilidades institucionais, senón como un compromiso coa identidade e



protección do patrimonio local⁵¹.

Sendo o conxunto de arte rupestre un ben inmovible, estas tarefas tamén poden considerar a celebración de mapeos e rutas etnográficas pola contorna coa finalidade de compartir a información e a memoria dunha paisaxe cultural propia. A vinculación da arqueoloxía coa tradición oral facilita unha metodoloxía e resultados sociais (cualitativos), e non tanto científicos (cuantitativos), aos que se acostumou a arqueoloxía máis convencional. Entre os primeiros podería destacarse a colaboración social que desenvolva a integración de narrativas e a creación dun tecido social que vele pola promoción e defensa patrimonial⁵². Pois, “é na empatía xerada na relación coas comunidades e no vínculo cun interese común onde se abren as portas a unha verdadeira difusión e socialización do patrimonio cultural, tanto material como inmaterial”⁵³.

Finalmente, nesta aproximación debemos considerar que a información dispoñible procede principalmente de fontes administrativas, e no mellor dos casos, de recollidas do corpus cultural froito de intervencións arqueolóxicas, pero tratadas de maneira anecdótica⁵⁴. A recuperación do saber popular e as colaboracións con asociacións culturais son fundamentais para unha comprensión máis rica e matizada do patrimonio. É necesario realizar traballos de campo (enquisas, entrevistas, recollidas toponímicas) que afonden na realidade endóxena⁵⁵ e permitan que as comunidades compartan e protexan a súa herdanza cultural, tanto material como inmaterial. A empatía e o vínculo coas comunidades son claves para a socialización efectiva do

Figura 6. Visita nocturna á área arqueolóxica de Gargamala. Fonte: IEM.

patrimonio cultural.

⁵¹ Sánchez-Carretero, C. e Jiménez-Esquinas, G. (2016): 190-192.

⁵² Pérez Maestro, C. (2018): 270; Damm, C. (2005): 79.

⁵³ Alves, L. B. (2023): 9.

⁵⁴ González Álvarez, D. (2011): 141.

⁵⁵ Ladra, L. (2023): 55 e 62; Damm, C. (2005): 84-85.

7. Conclusións

O Val do Tea é unha área de grande importancia arqueolóxica en Galicia debido á súa alta concentración de gravados rupestres, pero moitos destes non reciben a atención necesaria, deixándoos vulnerables ao deterioro. Ante o repaso da investigación na zona, faise evidente a urxencia de ampliar o seu estudo atendendo ao patrimonio inmaterial vinculado a estes espazos, así como mellorar a súa protección e posta en valor.

Entre as conclusións, destacan a revalorización da tradición oral e da toponimia como claves para comprender a dimensión simbólica dos bens arqueolóxicos. A etnoarqueoloxía, introducida tardiamente en Galicia, precisa ser aplicada para enriquecer o estudo da arte rupestre. Amais, a colaboración das comunidades locais é esencial para a protección e socialización do patrimonio cultural, e a vulnerabilidade da tradición oral ante o despoboamento rural esixe a súa documentación e preservación.

É fundamental adoptar enfoques interdisciplinares que integren arqueoloxía e antropoloxía para entender o significado histórico dos gravados e a súa reinterpretación contemporánea. A modo de peche, a etnoarqueoloxía debe ser unha ferramenta clave na comprensión, difusión e protección do patrimonio arqueolóxico en Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

- Alfonsín Soliño e Caramés Moreira, V. (1992): *Catalogación dos xacementos arqueolóxicos do Concello de Mondariz*. Memoria depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Inédito.
- Alonso Romero, F. (1998): “Las mouras constructoras de megalitos: Estudio comparativo del folklore gallego con el de otras comunidades europeas”, *Anuario Brigantino*, 21: 11-28.
- Álvarez Vidaurre, E. (2011): *Historia de la percepción del megalitismo en Navarra y Guipúzcoa. Aproximación a una biografía de sus monumentos*, Barañáin, Navarra, EUNSA (Histórica).
- Alves, L. B. (2001): “Rock art and enchanted moors: the significance of rock carvings in the folklore of north-west Iberian”, en R. J. Wallis e K. Lymer (eds.): *A Permeability of Boundaries? New Approaches to the Archaeology of Art, Religion and Folklore*, (Vol. S936), BAR International Series: 71-78.
- Alves, L. B. (2023): “Prefácio”, en A. Vieira (coord.): *Arqueologia e Tradição Oral*, Porto, CITCEM – Centro de Investigação Transdisciplinar Cultura, Espaço e Memória: 7-9.
- Aparicio Casado, B. (1996): “La interpretación popular de los grabados rupestres gallegos”, en A. A. Rodríguez Casal (ed.): *Humanitas: estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico: 257-283.
- Aparicio Casado, B. (1997): *El folklore en los yacimientos arqueológicos de Galicia*, Tesis Doctoral, UNED.
- Aparicio Casado, B. e Peña Santos, A. (2017): *Segredos ao descuberto. Pegadas de canteiros e de buscadores de tesouros nos petróglifos galegos*, Pontevedra, Ab Origine: 63-77.
- Arias Novas, A. (2021): “Catálogo dos Bens do Patrimonio Cultural de Arqueoloxía”, en *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Pontearreas*.
- Arizaga Castro, A. e Ayán Vila, X. M. (2007): “Etnoarqueología del paisaje castreño: la segunda vida de los castros”, en F. J. González García (ed.): *Los pueblos de la Galicia céltica*, Madrid, Akal: 445-533.
- Bradley, R., Criado Boado, F. e Fábregas Valcarce, R. (1994). Los petroglifos como forma de apropiación del espacio: algunos ejemplos gallegos. *Trabajos de Prehistoria*, 51(2), 159-168.
- Carré Alvarellos, L. (1968). *Contos populares da Galiza*. Porto: Museu de Etnografía e Historia.
- Carrera Ramírez, F. (2018). Conservación preventiva de yacimientos arqueológicos: ¿empezamos?. En *VI Congreso Grupo Español IIC*, Victoria, 376-384.
- Carrera Ramírez, F. (2022). Estrategias para la protección, ¿cómo gestionar el riesgo?. En *Actas del I Encuentro Nacional de Arte Rupestre: Investigación, conservación, gestión y difusión*. Madrid: Ministerio de Cultura, 171-182.

- Comarcas na Rede (2020, marzo 2). *Éxito de público na primeira cita coas Xornadas sobre o Patrimonio do Condado de Ponteareas*.
- Comendador Rey, B. (2023). Historias do inframundo: o subsolo no imaxinario colectivo. En A. Vieira (coord.) *Arqueología e Tradição Oral*. Porto: CITCEM – Centro de Investigación Transdisciplinar Cultura, Espaço e Memória. 157-178.
- Constela Doce, X. e Perles Fontao, J. J. (2006). *Prospección e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos do Concello de Mondariz*. Memoria depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Inédito.
- Costas Goberna, F. J., Novoa Álvarez, P. e Albo Morán, J. M. (1991). Los Grabados rupestres de Gargamala (Mondariz) y el Grupo IV del Monte Tetón en Tebra (Tomiño), provincia de Pontevedra. *Castrelos: revista do Museo Municipal "Quiñones de León"*, 3-4, 85-116.
- Damm, C. (2005) Archaeology, Ethno-history and Oral Traditions: Approaches to the Indigenous Past, *Norwegian Archaeological Review*, 38:2, 73-87,
- Estévez Villaverde, E. (1981). *Ponteareas y el Condado en la historia*. Pontevedra: Artes Gráficas Portela.
- Fábregas Valcarce, R. (2010). Os petróglifos e o seu contexto: un exemplo da Galicia Meridional. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- Feixoo, X. e Ignacio, G. (2017). *Mulleres de Gargamala: cantares de tradición oral*. Santiago de Compostela: aCentral Folque.
- Fernández Vázquez, M. (2002). *Ponteareas máxica. Mitos, ritos e lendas*. Ponteareas (Pontevedra): Asociación de Comerciantes de Ponteareas.
- Fernández Pintos, J. (2015). *Estación de Arte Rupestre de A Carreira (Pías, Ponteareas)*.
- García García, E. C. (2019). *Estrategias para la puesta en valor del patrimonio arqueológico: el ejemplo de los petroglifos gallegos: Strategies for the promotion of archaeological heritage: the case of Galician petroglyphs*. TFM. Santander: Universidad de Cantabria.
- González Álvarez, D. (2008). Etnoarqueología del paisanaje tradicional como fuente de información en Arqueología. *Actas de las I Jornadas de Jóvenes en Investigación Arqueológica: Dialogando con la cultura material (JLA 2008)*, I. Madrid: CERSA, 237-244.
- González Álvarez, D. (2011). Arqueología, folklore y comunidades locales: los castros en el medio rural asturiano. *Complutum*, 1(22), 133-153.
- Gonzalo Pérez, C. (1983). Aproximaciones a la historia de Ponteareas. En M. Piñeiro Groba e C. González Pérez, *Historia de Puentareas*. Ponteareas: Centro Cultural Municipal de Puentareas, 9-58.
- González Ruibal, A. (2008). Unha comarca castrexa: os vales do Tea e do Oitavén durante a Idade de Ferro. *Soberosum: Revista de Estudos Museo Municipal de Ponteareas*,

- Hernando Gonzalo, A. (2006). Arqueología y Globalización. El problema de la definición del “otro” en la Postmodernidad. *Complutum*, 2006, Vol 17: 221-234.
- Hidalgo Cuñarro, J. M. e Costas Goberna, F. J. (1980). *Prospecciones Arqueológicas en los valles del Tea, Alvedoa y Miñor*. Vigo: *Publicaciones museo municipal “Quiñones de León”*.
- Hidalgo Cuñarro, J. M. (1985). *Castro de Troña, Pontearreas-Pontevedra: Campaña 1983*. Arqueoloxía. Memorias 3. Santiago de Compostela: Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental.
- Hidalgo Cuñarro, J. M. e Rodríguez Puentes, E. (1987). *Castro de Fozara: Campaña 1984*. Arqueoloxía. Memorias 9. Santiago de Compostela: Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental.
- Hidalgo Cuñarro, J. M. e Arias Eres, C. (1997). Apuntes arqueológicos sobre las tierras del Condado y valles del Tea. *Soberosum: Revista de Estudios Museo Municipal de Pontearreas*, 2, p. 43-89.
- Información Xeográfica de Galicia (2023). Catálogo Patrimonio Cultural. En *Plan Básico Autonómico*. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo: Xunta de Galicia.
- Jones, S. e Russell, L. (2012). Archaeology, memory and oral tradition: an introduction. *International Journal of Historical Archaeology*, 16(2), 267-283.
- Ladra, L. (2023). Além das materialidades: a tradición oral, os sitios arqueolóxicos e a memoria colectiva. En A. Vieira (coord.), *Arqueología e Tradição Oral*. Porto: CITCEM – Centro de Investigación Transdisciplinar Cultura, Espaço e Memória, 49-66.
- Llinares García, M. (1990). *Mouros, ánimas, demonios*. Madrid: Akal.
- López Viéitez, I. e Comendador Rey, B. (no prelo). Voces nas pedras: unha revisión da investigación da arte rupestre en Galicia dende a perspectiva etnoarqueolóxica. *Cuadernu: Revista internacional de patrimonio, museología social, memoria y territorio*.
- Martínez Tamuxe, X. (1992). Aportación al estudio del arte rupestre gallego en el municipio de Pontearreas. *Soberosum: Revista de Estudios Museo Municipal de Pontearreas*, 1, pp. 37-53.
- Martínez Tamuxe, X. e Martínez Barbosa, J. R. (2015). Algúns gravados rupestres en Mouriscados e Uma. *Soberosum: Revista de Estudos Museo Municipal de Pontearreas*, 4, 319-326.
- Martinón Torres, Marcos (2001a). *Os monumentos megalíticos despois do megalitismo. Arqueoloxía e historia dos megalitos galegos a través das fontes escritas (s. VI-s. XIX)*. Valga: Concello de Valga.
- Martinón Torres, Marcos (2001b). Los megalitos de término. Crónica del valor territorial de los monumentos megalíticos a partir de las fuentes escritas. *Trabajos de Prehistoria*, 58, (1), 95-108.

- Moreira, J. e Bettencourt, A. M. S. (2023). Podomorfos do Noroeste portugués na imaxética popular. En A. Vieira (coord.), *Arqueología e Tradição Oral*. Porto: CITCEM – Centro de Investigación Transdisciplinar Cultura, Espaço e Memória, 67-93.
- Murguía, M. (1908, agosto 16). Peñasco con insculturas existente en el lugar de Chan da Gándara. *La Temporada en Mondariz*, Año XX, 12.
- Oliveira, C. (2008). Hacia una etnología del megalitismo. Usos y memorias de los sitios megalíticos en las poblaciones rurales del sur de Portugal. *Boletín del Instituto Andaluz de Patrimonio Histórico*, PH 67, 96–107.
- Pereira García, E. e Costas Goberna, F. J. (1998). Unha nova estación de arte rupestre en Sabaxáns (Mondariz-Pontevedra). *Boletín del Instituto de Estudios Vigueiros*, 4, 213-229.
- Pereira Martínez, X. e Fábregas Valcarce, R. (2019). Novos datos sobre a arte rupestre no Miño litoral. O concello de As Neves (Pontevedra). *Gallaecia*, 38, 9-32.
- Pérez Labaca, X. X. (2006). *Lendas, contos e outros relatos de Mondariz e do Balneario*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.
- Pérez Labaca, X. X. (2011). *Ponteareas da ialma*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.
- Pérez Labaca, X. X. (2014). *Os nove tesouros do Condado e Paradanta*. Mos: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía.
- Pérez Maestro, C. (2018). La formación en interpretación de patrimonio en las comunidades del Qhapaq Ñam (Gran Camino Inca), Perú. *La DESCOMMUNAL: revista iberoamericana de patrimonio y comunidad*, 4, 268-276.
- Reboreda Carreira, A., Carrera Ramírez, F. e Arizaga Castro, A. R. (2016). Bestas, cruces e labirintos: tipoloxía e conservación dos gravados de Pé de Mula. *Boletín Avriense*, 46, p. 9-58.
- Reboreda Carreira, A. (2019a). *O petróglifo da Chan da Gándara. Memoria dun gravado rupestre indultado*, 247-260.
- Reboreda Carreira, A. (2019b, marzo 28). As serpes do Castro de Troña. Notas sobre ofiolatría e ofiofobia en Galicia. *Faro de Vigo. Suplemento Faro da Cultura*.
- Recalde, A. e Colqui, E. (2022). The Construction of Social Memory in Cerro Colorado Rock Art (Córdoba, Argentina) During the Late Pre-Hispanic Period (ca.1500-450 BP). En L. Zubieta (ed.), *Rock Art and Memory in the Transmission of Cultural Knowledge*. Cham: Springer International Publishing, 171-193.
- Rodríguez Rellán, C., Vázquez Martínez, A., e Fábregas Valcarce, R. (2018). Petroglifos gallegos, una perspectiva desde el siglo XXI. *Cuadernos de arte prehistórico* (6 (julio-diciembre), 61-83.

- Rodríguez Sáiz, E. (2009). Novos petróglifos no contorno da área arqueolóxica de Tourón, Pontecaldelas: o cervo ferido de O Recosto XI. *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, 28, 69-76.
- Sánchez-Carretero, C. y Jiménez-Esquinas, G. (2016). Relaciones entre actores patrimoniales: gobernanza patrimonial, modelos neoliberales y procesos participativos. *Perspectivas: Revista pb Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 190-197.
- Sobrinho Buhigas, R. (2020). *Corpus dos petróglifos de Galicia [Corpus Petroglyphorum Gallaeciae]*. Cangas do Morrazo: Morgante.
- Torna, C. (2022, outubro 1). A Galiza conta cun mínimo de 4.108 castros nos seus 313 concellos, *Nós Diario*.
- Van Hoek, M. (1998): “Arte rupestre en Gargamala (Mondariz). Nuevos petróglifos y consideraciones”, *Castrelos: revista do Museo Municipal "Quiñones de León"*, 11, p. 95-113.
- Vieira, A. (2016). A Arqueoloxia e a Toponimia: uma abordagem preliminar. *Al-Madan Online*, II Série, 1 (21) 87-94.
- Vieira, A. (2017). A apropriação dos vestígios arqueológicos por parte das comunidades modernas e contemporâneas. En J. Arnaud, e A. Martins, *Arqueologia em Portugal: 2017 - Estado da Questão*. Lisboa: Associação dos Arqueólogos Portugueses, 237-247.
- Vilar Pedreira, X. L., Manso de la Torre, X. et al. (2020). Traballos do IEM en arte rupestre (2016-2019). Continúa a tradición. *Revista de Estudos Miñoráns*, 19, 11-46.
- Villar Quinteiro, R. (2012). Nueva necrópolis de la prehistoria reciente en Ribadetea, Pontearreas. Pontevedra. *Gallaecia*, 31, p. 63-81.